



Contratación  
Expediente 6553-241

### **INFORME-PROPOSTA**

#### **PROGRAMA OPERATIVO DO PLAN DE INTEGRIDADE NA CONTRATACIÓN: OPERATIVO 3.4.1. APROBACIÓN DOS MODELOS DE DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES**

#### **ANTECEDENTES**

O Concello de Vigo ten unha extensa traxectoria na implantación e desenvolvemento de políticas públicas en transparencia e integridade. Mostra de ilo é a súa integración na “Red de Entidades Locales por la Transparencia y Participación Ciudadana” da Federación Española de Municipios y Provincias, acordada polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria de data 30 de marzo de 2015 e a súa adhesión ó Código de Bo Goberno Local da FEMP por acordo plenario de data 30 de novembro do mesmo ano.

En data 22 de novembro de 2018 a Xunta de Goberno Local (en adiante XGL), acordou poñer en marcha os traballos para a elaboración do Plan de Integridade na Contratación e constituír un Comité Técnico, formado polo persoal responsable de Contratación, Administración Electrónica, Oficina Contable e Orzamentaria; Secretaría de Goberno Local, Intervención e Asesoría Xurídica, seguindo coa traxectoria municipal en desenvolvemento e implantación das políticas públicas en materia de transparencia e bo goberno.

O Plan aprobouse pola XGL en data 12 de decembro de 2019, que acordou:

*Primeiro.- Aprobar o “Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico”, de conformidade coa proposta elaborada polo Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación Pública, nas liñas establecidas pola Concellería Delegada de Contratación.*

*Segundo.- Delegar na Concellería Delegada de Contratación o desenvolvemento operativo do Plan e a súa implementación, para o que, contará co apoio técnico do “Comité Técnico de Integridade na Contratación”, así como do conxunto da estrutura municipal de goberno e das áreas e dos servizos municipais,.*

*Terceiro.- Encomendar ao Comité Técnico do Plan o apoio técnico á Concellería Delegada de Contratación na execución do Plan, labor para a que contará coa colaboración do conxunto das áreas e servizos municipais.*

*Cuarto.- Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia Municipal de conformidade coa LTBG, no Perfil do Contratante e na Intranet municipal, dando conta do mesmo aos membros do Goberno municipal e ás Xefaturas de Área e de Servizo para a difusión no conxunto da organización.*

Aprobado o Plan, mediante Resolución da Concellería-Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de data 17 de decembro de 2019 procedeuse á aprobación do desenvolvemento operativo do mesmo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2022 23:12	Páxina 1 de 5
6553-241	CSV: ABA8AF-318446-35555D-LGBL2S-3UWS7N-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

O "Plan de Integridade na Contratación. Marco Estratéxico" programa recolle na Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4 "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", o Obxectivo Operativo 3.4.1 "Aprobar os modelos de declaración de ausencia de conflito de intereses", dando resposta ao mandato legal recollido no artigo 64 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de previr, detectar e solucionar de modo efectivo os conflitos de intereses que poidan xurdir nos procedementos de licitación co fin de evitar calquera distorsión da competencia e garantir a transparencia no procedemento e igualdade de trato a todos os candidatos e licitadores.

Por Resolución desta Concellaría Delegada de data 9 de novembro de 2020 acordouse a incoación de expediente para o desenvolvemento do Obxectivo Operativo 3.4.1 "Aprobar os modelos de declaración de ausencia de conflito de intereses", do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", designando instrutora do dito expediente á Xefatura do Servizo de Contratación.

Tras da elaboración e revisión do correspondente modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses por parte do Comité Técnico do Plan de Integridade na Contratación, seguindo a definición que sobre o conflito de intereses ofrece a normativa básica en materia de contratos, no seu artigo 64, na liña da establecida con carácter xeral pola OCDE, en sesión de data 22/02/2021 acordouse prestar conformidade ao modelo de declaración do persoal municipal que interveña na tramitación dos procedementos de contratación, que se achega como Anexo I á presente resolución, e, en consecuencia, modificar a guía de tramitación dos contratos para incorporar os trámites correspondentes na xestión electrónica de expedientes.

-II-

A competencia para a aprobación do presente acordo correspóndelle á Concellaría Delegada de Contratación, por delegación expresa da Xunta de Goberno Local de data 12 de decembro de 2019, conforme co marco legal recollido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

## RESOLUCIÓN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2022 23:12	Páxina 2 de 5
6553-241	CSV: ABA8AF-318446-35555D-LGBL2S-3UWS7N-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



En base ó exposto, propónse á concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal a adopción da seguinte resolución:

**“Primeiro.- Aprobar o modelo de declaración de ausencia de conflito de intereses correspondente ao persoal municipal, Operativo 3.4.1, do Programa operativo do Plan de Integridade na Contratación, Liña Estratéxica 3, “Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos”, Obxectivo Estratéxico 3.4, “Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso” , Acción 3.4.1, que se achega como Anexo I á presente resolución.**

**Segundo.- Comunicar o presente acordo ás persoas titulares das Concellerías Delegadas de Goberno, responsables de áreas e servizos, e ao Comité Técnico do Plan, para o seu coñecemento e efectos.**

**Terceiro.- Publicar o presente acordo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia municipal, dando conta do mesmo ao órgano de contratación”.**

Vigo, na data da sinatura electrónica

A xefa do Servizo de Contratación.- Beatriz Barbará Rodríguez.

### DECRETO

Vista a precedente proposta, **RESOLVO DE CONFORMIDADE**

Vigo, na data da sinatura electrónica

A CONCELLEIRA-DELEGADA DE CONTRATACIÓN (Acordo de delegación competencial de data 20 de xuño de 2019).- Patricia Rodríguez Calviño

Dou fe, A SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL.- María Concepción Campos Acuña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2022 23:12	Páxina 3 de 5
6553-241	CSV: ABA8AF-318446-35555D-LGBL2S-3UWS7N-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## ANEXO I

### DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES

O abaixo asinante, DECLARA polo presente documento, ao seu leal saber:

- a) Que non ten ningún conflito de interese con respecto ao expediente .....

Aos efectos precedentes, tal e como recolle o artigo 64.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considérase que o concepto de conflito de interese abranguerá, polo menos, calquera situación na que o persoal ao servizo do órgano de contratación que, ademais participe no desenvolvemento do procedemento de licitación ou poida influír no resultado do mesmo, teña directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que puidese parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de licitación.

Tal e como tamén dispón o art. 24 da Directiva 2014/24/UE, comprendendo "...polo menos calquera situación na que os membros do persoal do poder adjudicador, ou dun provedor de servizos de contratación que actúe en nome do poder adjudicador, que participen no desenvolvemento do procedemento de contratación ou poidan influír no resultado do dito procedemento, teñan, directa ou indirectamente, un interese financeiro, económico ou persoal que puidera parecer que compromete a súa imparcialidade e independencia no contexto do procedemento de contratación".

O conflito de intereses, tal e como recollen as normas comunitarias (en particular, o artigo 41 do Regulamento Delegado (UE) n ° 1271/2013 de la Comisión, de 30 de setembro de 2013, relativo ao Regulamento Financeiro marco dos organismos a que se refire o artigo 208 do Regulamento (UE, Euratom) n ° 966/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, e o artigo 61 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión) pode ser de índole económica ou ser froito de afinidades políticas ou nacionais, de relacións familiares, sentimentais ou de calquera tipo de relación ou de calquera tipo de relación ou de intereses comúns.

- b) Que porá en coñecemento do Servizo de Contratación do Concello de Vigo, sen dilación, calquera situación de conflito de intereses que xurda, ou que poida dar lugar ao devandito conflito, para a súa tramitación perante o órgano de contratación, deixando de tomar parte no procedemento e actividades relacionadas.
- c) Que non concedeu nin concederá, non intentou nin intentará obter, e non aceptou nin aceptará ningún tipo de vantaxe, financeira ou en especie, a favor dunha persoa ou no nome desta, cando tal vantaxe constituía unha práctica ilegal ou implique corrupción, directa ou indirectamente, por ser un



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2022 23:12	Páxina 4 de 5
6553-241	CSV: ABA8AF-318446-35555D-LGBL2S-3UWS7N-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- incentivo o unha recompensa relacionada coa execución dos respectivos actos, acordos e contratos municipais.
- d) Que se ten coñecemento de calquera conflito de interese o comunicará con carácter inmediato ao órgano competente para a adopción do acordo.
  - e) Que non se atopa en causa algunha de abstención, a teor do disposto no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
  - f) Que non incorre en causa de incompatibilidade, segundo a Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
  - g) Que non levou a cabo actuacións que conculquen os artigos 25 e seguintes da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, en relación co artigo 8.1 do mesmo corpo legal e o artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local.
  - h) Que manterá o deber de reserva en relación coas informacións das que teña coñecemento no exercicio das súas funcións, sen facer un uso improcedente da información que se lle proporcione e non revelando ningunha información confidencial que lle sexa comunicada.

Vigo, data de sinatura dixital.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/02/2022 23:12	Páxina 5 de 5
6553-241	CSV: ABA8AF-318446-35555D-LGBL2S-3UWS7N-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		